

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 26 de agosto de 2008 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Vista a proposta do director xeral de Creación e Difusión Cultural, en conformidade co establecido no artigo 38 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas,

RESOLVO:

Primeiro.-Intégranse na Rede de Bibliotecas de Galicia os centros bibliotecarios relacionados no anexo, comezando pola Axencia de Lectura de Loussame e rematando pola Axencia de Lectura de Amoeiro.

Segundo.-A resolución favorable de integración estará condicionada á sinatura dun convenio onde se recolla a obriga por parte do centro bibliotecario de prestar un servizo público que deberá axustarse ao estipulado no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, e que poderá responder nos restantes termos ás especiais características de cada tipo de centros.

Terceiro.-O prazo de sinatura deste convenio non deberá ser superior aos tres meses. De non cumplirse este prazo deixarase sen efecto a posible resolución favorable e suporá o arquivo definitivo da solicitude.

Cuarto.-O posterior incumprimento do devandito convenio poderá ser motivo de exclusión temporal ou definitiva do centro bibliotecario de que se trate da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO

Axencia de Lectura de Loussame.
Biblioteca Pública Municipal de Ponteceso.
Axencia de Lectura de Lucín. Olveira, Dumbría.
Biblioteca Pública Municipal de Zas.
Biblioteca Municipal de Sarria.
Biblioteca Pública Municipal de Viveiro.
Axencia de Lectura de Amoeiro.

Orde do 26 de agosto de 2008 pola que se crea a Axencia de Lectura Municipal A Caracocha de Montederramo, no concello de Montederramo.

Vista a proposta do director xeral de Creación e Difusión Cultural, en conformidade co establecido

no artigo 38 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas,

RESOLVO:

Primeiro.-Crear e integrar na Rede de Bibliotecas de Galicia a Axencia de Lectura Municipal A Caracocha de Montederramo no concello de Montederramo.

Segundo.-A resolución favorable de integración estará condicionada á sinatura dun convenio onde se recolla a obriga por parte do centro bibliotecario de prestar un servizo público que deberá axustarse ao estipulado no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, e que poderá responder nos restantes termos ás especiais características de cada tipo de centros.

Terceiro.-O prazo de sinatura deste convenio non deberá ser superior aos tres meses. De non cumplirse este prazo deixarase sen efecto a posible resolución favorable e suporá o arquivo definitivo da solicitude.

Cuarto.-O posterior incumprimento do devandito convenio poderá ser motivo de exclusión temporal ou definitiva do centro bibliotecario de que se trate da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 7 de outubro de 2008 pola que se convoca un curso de monitores de formación en educación viaria.

Dentro do programa de actividades que a Academia Galega de Seguridade Pública ten previsto realizar no ano 2008, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, de creación da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria dun curso de monitores de formación en educación viaria.

Obxectivos.

Conseguir que os integrantes dos servizos de protección civil dos concellos onde non contan con corpo de policía local, ou daqueles en que, existindo ese corpo, polo reducido do seu número de membros, non se poida prestar a necesaria atención á educación viaria dos escolares, poderíase levar a cabo esa tarefa por parte do persoal de protección civil.

Para iso é necesario introducir na formación deste colectivo uns novos conceptos que inicialmente se atopan máis afastados da súa actividade habitual,